

CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO PARA A INNOVACIÓN DO XORNALISMO E DA COMUNICACIÓN EN GALEGO

A secretaria xeral de Medios, Silvia Valdés Díaz de Freijo, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 15.12.2023

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A posta en marcha e funcionamento do espazo web FaCom-USC, aberto ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, no que poderán exhibir as súas creacións, traballos e proxectos escritos e audiovisuais.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Considérase de interese público e social que a Universidade de Santiago de Compostela poida mellorar a formación do alumnado e de poñer en valor os coñecementos prácticos do alumnado, impulsando as súas capacidades e conectando o seu traballo coa sociedade grazas ao uso das novas tecnoloxías.

Esta convenio entre a Universidade e a Xunta de Galicia (a través da Facultade de Ciencias da Comunicación e a Secretaría Xeral de Medios) contribuirá á innovación do xornalismo e da comunicación en galego, desde o enfoque das novas xeracións de nativos dixitais.

Existe, por tanto, un interese público e social en mellorar a formación práctica do alumnado das áreas de xornalismo e comunicación.

Esta actuación pode considerarse un complemento axeitado ao convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas do alumnado da facultade de ciencias da comunicación nos gabinetes de prensa da Xunta de Galicia.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela (*asinado dixitalmente*)

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
Edificio administrativo de San Caetano, s/n Edificio número 7
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 848
axudas.medios@xunta.gal

